

A tall, cylindrical lighthouse with a glowing lantern room at the top, situated on a dark, silhouetted cliff. The sky is a vibrant orange and yellow, filled with dramatic, layered clouds. The sun is low on the horizon, creating a strong glow and long shadows. The overall mood is dramatic and atmospheric.

CÉSAR MALLORQUÍ

O CÍRCULO ESCARLATA

CONTINUACIÓN do GRANDE ÉXITO
AS LÁGRIMAS DE SHIVA

rodeira

O CÍRCULO ESCARLATA

CÉSAR MALLORQUÍ

O CÍRCULO ESCARLATA

rodeira

Título orixinal: *El Círculo Escarlata*

© César Mallorquí, 2020

©Tradución: Rosario Baleirón Sónora (de Fere-Galicia)

© Ed. Gal.: Rodeira, 2020

Rúa Rafael Alberti, 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura Xuvenil: Elena Valencia

Deseño da colección: Book & Look

Fotografía da cuberta: Freepik

1.^a edición, setembro 2020

ISBN: 978-84-8349-647-3

Depósito legal: B. 6086-2020

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Este libro está dedicado a Reina Duarte e a Conchi Marín,
as miñas amigas de sempre no turbulento mundo editorial.*

A emoción máis antiga e máis intensa da humanidade
é o medo, e o máis antigo e máis intenso dos medos é
o medo ao descoñecido.

H. P. LOVECRAFT

Índice

1. Unha chamada inesperada.....	11
2. Regreso a Vila Candeloria.....	29
3. A Mansión Kraken	40
4. A historia da criada	60
5. «Narraciones Terroríficas»	73
6. A estirpe maldita dos Salazar	90
7. O manuscrito agochado	112
8. A seita do Círculo Escarlata do mesmo ano ..	122
9. O xogador de xadrez	139
10. Dous bicos	155
11. Terror na Mansión Kraken	172
12. Carlos	186
13. De leria cunha pantasma	206
14. A seita do Círculo Escarlata (final)	211
15. Mensaxes nas estrelas	215
16. O ollo de Deus	229
17. Catro días despois	235
18. Cara á Lúa	246
Epílogo	254

1. *Unha chamada inesperada*

Nunha ocasión, hai xa ben de tempo, vin unha pantasma.

E logo, catro anos despois, vin outra.

A primeira pantasma era amable, mesmo arrecendía que daba gusto. A nardos. Era o espírito de Beatriz Obregón; grazas a ela atopei as Lágrimas de Shiva, un fabuloso colar que estivo perdido durante setenta anos.

A segunda pantasma foi moito menos amable. Metía medo e, desde logo, non arrecendía precisamente a nardos. Tiven un desagradable encontro con ela na Mansión Kraken, pouco despois de escoitar falar por primeira vez do Círculo Escarlata, unha escura e sinistra seita tan antiga coma o tempo. Iso ocorreu no verán de 1973, catro anos despois da miña estancia en Vila Candeloria, o fogar dos meus tíos e das miñas curmás, os Obregón.

As miñas curmás, *as catro flores*: Rosa, Margarida, Violeta e Azucena. Cantas cousas aprendín delas naquel verán de 1969 en Santander, cando un ser humano pisou por primeira vez a Lúa. Sobre todo de Violeta; ela ensinome os segredos do corazón; foi o meu primeiro amor, un romance adolescente que durou menos do que dura un verán, pero que deixou en min unha pegada indeleble.

Violeta e mais eu quixémonos durante as dúas últimas semanas de agosto do 69; despois, a primeiros de setembro, tiven que regresar a Madrid e separámonos. Ao principio, escribiámonos cartas con frecuencia, como mínimo unha cada semana; tamén falabamos por teléfono, pero só de vez en cando, porque as conferencias eran caras. Iso foi así, máis ou menos, durante o primeiro ano da nosa separación. Pero, pouco a pouco, as cartas e as chamadas fóronse espaciando ata que, ao cabo dun tempo, cesaron por completo. Tiñamos as nosas propias vidas e estabamos moi lonxe o un do outro, era imposible que unha relación así prosperase. Ademais, a última vez que falamos por teléfono, discutimos. Ela enfadouse comigo e case me colgou. De maneira que perdemos o contacto, aínda que eu non cheguei nunca a esquecerla. É imposible borrar da memoria o teu primeiro amor.

Pasaron os anos e o mundo foi cambiando lentamente, aínda que en España seguía Franco, o vello ditador; cada vez máis vello e coas mans tremelcando pola doenza de párkinson. Porén, o país comezaba a espertar da súa longa sesta, cada vez víanse máis mozos co pelo longo e as mozas con minisaias, e as manifestacións resoaban con frecuencia nas fábricas e nas universidades. A xente quería liberdade e democracia, e cada vez berraba máis alto. Aínda faltaban uns anos para obtelas, pero o país xa estaba sacudindo de enriba o seu sopor.

Acabei o colexio, fixen «preu» e matriculeime na Universidade Complutense. Escollín a facultade de Físicas; supoño que a miña afección á ciencia ficción

influíu en que elixise unha carreira de ciencias. Ademais, meu pai era químico, e quizais optar pola física fora unha sutil forma de levarlle a contraria. Meu pai restablecérase por completo da súa doenza e miña nai seguía tan activa e enérxica coma sempre. A verdade é que a miña vida non podía ser máis corrente, agás por un pequeno detalle: no pasado vira unha pantasma. Iso é raro, non si?

Porén, co paso do tempo, conforme aquela experiencia quedaba cada vez máis lonxe, empecei a sospeitar que todo fora cousa da miña imaxinación, se cadra un soño tan realista que o confundín coa realidade. Ademais, non lle falara a ninguén da «miña» pantasma pois non quería que me considerasen un atolado, de maneira que o fun relegando a un recuncho da memoria. De feito, esa foi a causa da discusión con Violeta; díxenlle que cría que imaxinara o meu encontro coa pantasma de Beatriz Obregón, e ela enfadouse moitísimo. Díxome que era un «cabeza cadrada», despediuse moi seca e colgou. Non volvemos falar.

Ata que unha mañá de finais de xuño de 1973 soou o teléfono da casa. Nin remotamente podía imaxinar que quen chamaba era o meu pasado.

* * *

Non hai nada máis pracenteiro que acabar o curso con todo aprobado e ter por diante un longo e cálido verán para facer o que che dea a gana. Así me sentía eu no inicio do verán do 73; as últimas notas xa saíran

e eran perfectas. Vale, só conseguín unha chea de aprobados e un par de notables, pero a min sabíanme a gloria.

Aquela mañá de sábado erguinme cedo e duchei-me. Mentres me secaba, contemplei a miña imaxe no espello do cuarto de baño. Un par de anos atrás pegara un bo estirón que me levou ata o metro oitenta e un de estatura; superaba en catro centímetros a meu irmán Alberte, e iso enchíame de maliciosa satisfacción. Tiña dezanove anos, o pelo castaño (e demasiado longo, segundo a miña nai), os ollos de cor marrón verdosa —ou verde amarronada, como prefería definilos eu— e unha constitución atlética grazas a formar parte do equipo de baloncesto da facultade. A verdade é que non estaba nada mal, pensei satisfeito de min mesmo.

Por desgraza, tamén me saíra unha barba cada vez máis espesa, o que me obrigaba a afeitala todos os días. Enxaboei a cara, pasei minuciosamente a coitela e limpei con auga o xabón sobrance; botei un pouco de *after shave* nas fazulas, co conseguinte proído, e regresei ao meu cuarto coa toalla na cadeira, vestinme e fun á cociña. Alí estaban os meus pais, almorzando. Botei unha cunca de café con leite e sentei á mesa, sobre a que descansaba unha fonte de pan torrado, manteiga e un bote de marmelada.

—E o Alberte? —preguntei mentres untaba manteiga nunha torrada.

—Aínda non espertou —respondeu mamá.

—Vaia lacazán ... —murmurei.

Mamá deixou escapar un suspiro.

—Pero levarédesvos ben algún día? —dixo.

—Si, cando marche da casa.

—Deberíamos botarvos aos dous —bromeou papá—. Sodes coma sambesugas que nos chupan o sangue.

Encollín os ombreiros.

—Iso pásavos por terdes fillos en vez de cans —repliquei.

Papá virouse cara a mamá e asentiu con finxida solemnidade.

—Mira ti, niso ten razón —dixo—. Ao mellor aínda estamos a tempo de cambialos por un par de chihuahuas.

Mamá volveu suspirar.

—Tres homes na mesma casa —murmurou en ton compunxido—. Que desgraza a miña... Pero por que non tería fillas!

Papá chiscoume un ollo mentres bebía un grolo de café. Tras unha longa pausa, preguntou:

—Que vas facer estas vacacións, Xabier?

Iso era algo novo na miña vida. Ata había pouco, dábase por feito que Alberte e eu iríamos cos nosos pais pasar as dúas primeiras semanas de agosto no apartamento que alugaban todos os anos en Xávea, unha viliña de Levante. Pero o ano anterior, Alberte marchou de viaxe coa súa noiva, mentres eu ía cos meus pais, e, malia o insufrible que era o meu irmán, aburrínme coma unha ostra. Pero agora, por primeira vez, podía elixir, así que ese ano decidín marchar de vacacións pola miña conta.

—Quedei con Tito e Xosé Mari para facer un Interrail en agosto —respondín.

Tito e Xosé Mari eran os meus mellores amigos do colexio.

—Que é iso de «Interraíl»? —preguntou mamá.

—Un billete moi barato para menores de vinte e cinco anos —respondín—. Podes viaxar durante o verán en todos os trens de Europa que queiras.

—E onde ides ir? —preguntou papá.

—Aínda non o decidimos. Quizais a Francia ou a Italia.

—Iso está ben. Viaxar expande a mente.

—Pois a min non me fai ningunha graza que un rapaz coma ti vaia só polo mundo adiante a sitios raros —dixo mamá.

—Que xa teño dezanove anos —protesteí.

—Pois iso, un rapaz.

—E ademais non vou só, senón con Xosé Mari e Tito.

—Ah, daquela xa che quedo máis tranquila —ironizou mamá—. Como os teus amigolos son tan sensatos e responsables...

A experiencia ensinárame que era inútil discutir con miña nai, así que pechei a boca e só a abrín para seguir almorzando. De alí a un pouco apareceu Alberte, en pixama e con cara de sono.

—*Paspán* —díxome ao pasar ao meu carón.

—Pandorco —respondín en voz baixa.

Meu irmán cambiara moito. Estudaba Dereito e botara moza, unha compañeira de clase que se chamaba Silvia que o traía dereitiño coma unha vara. Des que saía con ela, había xa un par de anos, volvérase o tío máis formal do mundo. Non obstante, a nosa mutua

rivalidade seguía coma sempre; xa non nos levabamos coma o can e o gato, sempre pelexando, pero si como un can e un gato que se miran con desconfianza e de cando en vez roñan un pouco.

Alberte saudou os nosos pais cun son gutural, bo-cexou ruidosamente e botou unha cunca de café. Daquela soou o teléfono, e o meu irmán espeliu de golpe.

—Debe ser Silvia —dixo, botando a correr.

Marchou tan rápido que non me deu tempo de lle dicir que só lle faltaba que a súa moza lle puxese un anel no nariz, coma aos osos amestrados. Porén, tardou menos dun minuto en volver; non o chamaba a súa noiva.

—É para ti, aparvado —dixo.

—Por que non intentades levarvos un pouco mellor? —terzou mamá no ton de quen perdeu xa a esperanza.

—Quen é? —pregunteille a Alberte.

—Unha tía.

—Que tía?

—E eu que sei. Será da Protectora de Animais, para preguntarche se te coidamos ben.

Nin me molestei en contestarlle; dediqueille unha ollada de desprezo e dirxinme ao salón. O auricular estaba descolgado; sentei nunha cadeira de brazos e respondín a chamada.

—Diga...

—Xabier? —dixo unha voz de muller.

—Si, son eu.

—Vaia, canto che cambiou a voz; non te recoñe-ra. Son Violeta, a túa curmá.

Violeta! A súa voz tamén mudara. Soaba máis grave, máis profunda. Igual que me ocorría a min, supoño.

—Violeta, que sorpresa —dixen—. Canto tempo sen saber de ti.

—Si, a vida, xa sabes; os estudos, a familia, todo iso. Como estás?

—Ben, ben; e ti?

—Estupendamente. Miña nai díxome que estudas Físicas.

—Pois si. Estudo Físicas. Que che parece?

—Vaiche —fixo unha pausa e bromeou—. Xa atopaches o marciano que andabas buscando?

Sorrín.

—Aínda non, pero sigo intentándoo —respondín—. Que estás estudando ti?

—Xornalismo en Barcelona.

—Tamén che vai.

Durante uns minutos continuamos divagando; interesámonos polos nosos familiares, comentamos os estudos, e empecei a preguntarme para que demos me chamara a miña prima. Finalmente, tras unha pausa, Violeta dixo:

—Por que non vés estas vacacións a Santander?

Así, de súpeto, sen máis. Pilloume por sorpresa.

—Que? —murmurei.

—Que te convidamos a pasar o verán en Vila Candeloria, coma hai catro anos. Non che apetece?

—Si, claro, estaría ben; pero non pode.

—Por que?

—Porque vou ir de Interraíl cuns amigos.

—Cando?

—De mediados de xullo a mediados de agosto.

—Pois pospono.

—Non podo pospoñelo; xa quedei.

Houbo un longo silencio cargado de estática ao outro lado da liña.

—Violeta?... —murmurei, pensado que se cortara a comunicación.

—Preciso a túa axuda, Xabier —dixo ela.

—Para que?

—Non podo contarcho por teléfono. Pero necesito que me botes unha man, de verdade. Anda, ven.

Respirei fondo. Así era a Violeta que eu recordaba: teimuda e mandariqueira.

—É imposible, en serio —respondín—. Xa quedei con dous amigos, non podo cambiar os plans así, sen máis. Dime o que é e se podo axudarche desde Madrid...

—Non; tes que vir aquí. Por favor, Xabier, é importante.

Que pesada, pensei; era a muller máis cazurra do mundo.

—Violeta —dixen—: non podo.

Houbo un longo silencio.

—Vale, perdoa se te molestei —dixo ela en ton seco—. Grazas por nada.

E colgou.

Estupendo. Despois de tanto tempo, a miña curmá volvera enfadarse comigo.

* * *

Non volvín ter noticias de Violeta ata catro días despois. Pasara a tarde con Tito e Xosé Mari, planificando a nosa viaxe. Decidimos facer o traxecto París, Zúric, Milán, Venecia e logo o regreso por Xénova e o sur de Francia. Durante o inverno fixeramos toda clase de traballos, desde repartir propaganda ata servir copas ou facer mudanzas, co obxectivo de reunir o diñeiro para a viaxe, así que o tiñamos todo preparado. Só faltaba mercar os billetes de Interraíl e, vinte días máis tarde, partiríamos.

Regresei á casa pouco antes das nove da noite. Papá e Alberte aínda non volveran e mamá estaba na cociña, faltaba media hora para a cea, así que sentei no salón co libro que estaba a ler —*O home derrubado*, de Alfred Bester (si, ciencia ficción)—, puxen un disco de Cat Stevens e empecei a ler. De alí a un pouco, apareceu miña nai.

—Ola, Xabier. Non te sentín chegar.

—Ola, mamá. Que hai de cea?

—Feixóns verdes e tortilla —respondeu, sentada ao meu carón.

Torcín o fociño; odiaba os feixóns verdes. Pero non protestei; miña nai tiña pinta de me querer dicir algo, así que deixei o libro a un lado e olleina. Nos altofalantes do tocadiscos soaba *Morning Has Broken*.

—Esta tarde chamoume túa tía Adela —comentou mamá, como de pasada.

A tía Adela, a irmá máis vella de mamá e nai das catro flores.

—Ai si? Que tal está?

—Ben, coma sempre. Falamos de ti; convídate a pasar o verán con eles en Santander.

Botei a cabeza para atrás e respirei profundamente. Iso era cousa de Violeta; como non lograra convencerme, agora recorría á súa nai.

—Vou ir de vacacións con Tito e Xosé Mari, mamá —dixen en ton paciente—. Xa o sabes.

—Xa, xa; pero o de Santander é un plan moito mellor. Non lembras o ben que o pasaches alí hai catro anos? Pero se atopaches as Lágrimas de Shiva!

Deixei escapar un suspiro.

—E agora hai que buscar outro colar perdido? —preguntei con retranca.

—Ti es parvo, claro que non. Pero quedaría moito máis tranquila se aceptases o convite da miña irmá. Non me fai ningún chiste que vaias por aí coma un vagabundo.

—Non imos á selva, mamá, nin escalar o Everest. Imos a Francia, Suíza e Italia. En Europa non hai caníbales, nin areas movedizas, nin feras salvaxes. Non me vai pasar nada.

Mamá incorporouse movendo a cabeza dun lado para outro, coma se me deixase por imposible.

—Que testalán es, Xabier. De momento non lle vou dicir nada Adela —botou a andar cara á cociña—. Ti pénsao.

—Non vou cambiar de idea, mamá —dixen con rotunda seguridade. E, como miña nai xa saíra do salón, repetino en voz alta para asegurarme de que o escoitase—: Non vou cambiar de idea!

* * *

Pero, moi ao meu pesar, cambiei de idea.

Ou, mellor dito, os acontecementos obrigáronme a facelo. A desgraza produciuse unha semana antes. Tito tiña un amigo que facía motocrós; un día foi velo, o seu amigo deixoulle a moto, Tito meteuse nun circuíto... e o moi idiota partiu unha perna.

Ao carallo o Interraíl, adeus Europa, adeus Francia, Suíza e Italia, adeus *tour* de vacacións. Xosé Mari e eu nin sequera pensamos en facer a viaxe pola nosa conta; aquilo era un proxecto de tres e, se non o levabamos a cabo todos, non o faría ningún. Así que aparcamos a viaxe ata o ano seguinte e asinamos na escaiola do noso amigo. Eu escribinlle: «A próxima vez ponlle rodiñas á moto, torpón».

A cuestión era que, tras o accidente do meu amigo, ante min abríanse catro alternativas:

1. Ir a Xávea cos meus pais.
2. Ir só a algures.
3. Quedar só en Madrid.
4. Aceptar a oferta de Violeta e ir a Santander.

Repasei a lista mentalmente, aínda que en realidade non había nada que repasar. A primeira opción quedaba automaticamente descartada. A segunda tamén, porque non me gustaba viaxar só. A terceira era tentadora, pero facíame sentir coma un marxinado. Así que só quedaba unha alternativa: Santander, Vila Candeloria.

Cando llo dixen, miña nai púxose deprimentemente contenta. Saíra coa súa: en vez de vagabundear

coma un pobre de pedir pola salvaxe Europa, o seu fillo iría pasar o verán á casa dos seus tíos, coma un neno boíño.

Tampouco era que me desagradase a idea; prefería o Interraíl, claro, pero gardaba bos recordos de Vila Candeloria e de Santander. A verdade é que acabou facéndome ilusión volver alí e reencontrarme co tío Luís, coa tía Adela e coas súas catro flores. Pero pasarán catro anos desde a última vez que nos vimos; estarían moi cambiados? Esa mesma tarde pregunteille a miña nai se tiña fotografías súas recentes.

—Pois recentes, non —respondeu—. Creo que as últimas que me enviou son de cando estiveches alí no 69.

Esa noite telefonoume Violeta. Xa non estaba enfadada; ao contrario, estaba encantada: saíra coa súa, o mesmiño ca miña nai.

—Moitas grazas, Xabier —dixo—. Sabía que podía contar contigo. Cando vas vir?

—Non sei —respondín—. A mediados de xullo, ou así.

—Non podes vir antes?

—Pero a ver, a que vén tanta présa?

Houbo un silencio.

—Tes razón —dixo ela ao cabo duns segundos—. Por uns días non importa.

—Por que non me dis en que queres que che axude? Outro silencio.

—É un asunto un pouco estraño —dixo Violeta en voz baixa—. Lembras as Lágrimas de Shiva? Pois igual de misterioso.

—Pero que é? —insistín, comezando a impacientarme.

A través do auricular chegoume o remusmús dun suspiro.

—Ten que ver cun millonario chamado Melquiades Salazar, e coa súa casa, a Mansión Kraken. Pero é mellor que non cho conte por teléfono. Tes que o ver en por ti mesmo.

—Pero...

—Perdoa, Xabier. Marga estame apurando porque quere usar o teléfono. Por certo, mándache un saúdo. Cando saibas a data da túa chegada chámame. *Ciao*, primo; graciñas outra vez.

E colgou.

* * *

Os días foron pasando coa luminosa preguiza do verán. Case todas as tardes, Xosé Mari e mais eu iamos á casa de Tito, que estaba inmobilizado coa perna dereita embutida nunha escaiola, e distraiámolo charlando, xogando ás cartas ou competindo con bólidos en miniatura na pista dun Scalextric. Algunhas mañás, cando apertaba a calor, ía á Piscina Castilla, que estaba no Paseo da Habana; outras dedicábaas a ler, a pasear ou a non facer nada. Os sábados ao mediodía visitaba as casetas de libros de ocasión da Costa de Moyano na busca de vellas novelas de ciencia ficción. O sábado anterior á miña partida comprei unha para facer un regalo especial.

O venres trece de xullo, a véspera da viaxe, despedínme dos meus amigos e regresei cedo á casa para preparar a equipaxe. Á última hora da tarde, papá volveu do traballo; eu xa fixera a maleta e estaba escollendo os libros que ía levar. Ao pasar por diante do meu dormitorio, meu pai detívose na porta e quedou mirándome cun leve sorriso.

—Ola, papá —saudeino.

—Ola, Xabier. —Deu catro pasos no cuarto—. Preparándote para a viaxe?

—Xa case rematei.

Permaneceu uns segundos pensativo.

—Estas son as segundas vacacións que non estamos xuntos —dixo—. As primeiras foron por mor da miña doenza; pero estas..., ben, sinxelamente porque te fixeches maior. O ano pasado faltou o teu irmán, e agora tamén ti.

—Paréceche mal? —preguntei.

—Non, non, para nada; encántame vervos voar sós. Aínda que tamén me dá un pouco de mágoa, claro; pero non é iso. O que pasa é que medrastes tanto e tan rápido... Sabes?, os fillos sodes coma bolboretas ao revés. Ao primeiro, as bolboretas son eirugas cheas de pelos que despois se transforman en lindos bechiños voadores. Pero cos fillos ocorre o contrario: nacedes sendo bolboretas, preciosos e encantadores, e logo, paseniñamente, convertédesvos en eirugas.

Estaba de broma, claro; aínda que creo que non en todo.

—Estasnos chamando eirugas, papá? —repliquei con finxida indignación—. Se falas de Alberte non

che digo que non, pero eu sigo sendo unha linda bolboreta.

Papá botouse a rir.

—Pero como vas ser unha bolboreta con esa barba? —dixo—. Estás cheo de pelos, Xabier, es unha eiruga!

Acariñoume a cabeza. Daquela fixouse no libro que tiña na man e colleuno.

—*Máis que humano*, Theodore Sturgeon —dixo, mirando a portada—. Líchelo?

—Aínda non. Vouno levar a Santander.

—Vaiche encantar.

A meu pai tamén lle gustaba a ciencia ficción; de feito, foi el quen me transmitiu o amor por ese xénero. Lembro que, de neno, meu pai contábame historias antes de durmir; pero non *Carapuchiña Vermella nin a Cinsenta*, senón relatos de naves espaciais, extraterrestres, robots ou viaxes no tempo. Ás veces tamén lle escapaba algunha que outra historia de terror, que me deixaba a tremer e desvelado; pero ninguén é perfecto e, en xeral, encheu a miña infancia de fantasía e de prodixios.

Meu pai devolveume o libro e botou a andar cara á porta. Antes de saír, virouse cara a min e díxome con retranca:

—Lembra isto, Xabier: cando esteas na casa dos teus tíos, non fagas nada que poida avergoñarnos ou que requira a intervención da policía. Ah, e se volves atopar un colar valiosísimo, desta volta quedas con el, eh?

Botei a rir.

—Vale, papá —dixen—. Imos a medias.

Chiscoume un ollo e saíu do cuarto. Permanecín uns segundos contemplando o lugar por onde desaparecera. Que personaxe este meu pai, pensei; non só o quería, senón que ademais me caía ben.

* * *

Ao outro día pola mañá, moi cedo, meus pais leváronme á Estación do Norte e acompañáronme ata a plataforma. Tras subir a maleta ao vagón, reuníame outra vez con eles e mamá empezou a impartirme unha restra de instrucións, coma cando era pequeno: que me comportase na mesa, que fixese a cama, que non falase coa boca chea, que non me bañase no mar xusto despois de comer, que non dixese pecados... Chegados a ese punto, papá tapoulle a boca en plan de broma e dixo:

—Muller, estou seguro de que o noso fillo fará o humanamente posible por non comportarse coma un mandril. Ímoslle dar un voto de confianza.

Uns minutos máis tarde, soou o chifre do tren anunciando a súa próxima saída. Biquei os meus pais, subín ao vagón e saquei a cabeza pola xanela. O tren púxose en marcha e despedínme deles co a man. Despois, fun ao meu asento, coloquei no portavultos da parte superior a bolsa cos bocadillos que me preparara a miña nai e sentei.

Durante uns minutos quedei pensando en Violeta e no pouco que me contara por teléfono. Mencionou un millonario que non me soaba de nada e unha casa

chamada Mansión Kraken. Que nome tan raro, pensei. O «Kraken» é un monstro mariño, algo así coma unha lura xigante. Pero a quen se lle ocorre chamarlle a unha casa co nome dun monstro?

Finalmente, collín *Máis que humano* e empecei a ler.

Despois de catro anos, volvía ao norte.